Consello Social
Universidade de Vigo

**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ECONÓMICA**
**DO CONSELLO SOCIAL DO 30.06.2025**

**LUGAR**: Sala II do edificio Miralles do Campus de Vigo
**DATA**: 30.06.2025
**HORA DE COMEZO**: 12:15 h.
**HORA DE REMATE**: 14:15 h.

**Asisten:**

Atanes Limia, Xosé Manuel
Fernández Zunzunegui, Emilio
Graña Nogueiras, Jesús
Lesmes Romero, Yolanda
Macho Senra, Antonio
Martiño Gómez, Antonio
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel (presidente)

Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)

O luns, día 30 de xuño de 2025, ás 12:15 h., celebrouse reunión ordinaria da Comisión Económica do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

**ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (06.03.2025).
2. Informe do presidente.
3. Asuntos pendentes de anteriores sesións. Para informes da Xerencia:
   a) FEUGA. Encargo á Xerencia (C. Econ. decembro 2023): - Informe aos investigadores que deben liquidar coas regras de gasto de FEUGA os importes que consideren antes do 31/12/2025.
   b) AUDITORÍA INVENTARIO. - Informe da Xerencia sobre a evolución do control de patrimonio: edificios e material inventariable (C. Econ. decembro 2024).
   c) AUDITORÍA GASTOS CAP. I. - Informe da Xerencia sobre a evolución das medidas que se están a aplicar. Obxectivos, control horario. (C. Econ. xuño 2024).
   d) MODIFICACIÓN RPT. - Envío da Xerencia do informe positivo da Xunta de Galicia sobre a creación deste Servizo e a memoria económica enviada, para que quede no expediente.
   e) Información sobre a contratación colectiva en curso.
4. Proposta de aprobación, se procede, das contas anuais da Universidade de Vigo do exercicio 2024. Informe de auditoría e Memorando de recomendacións.
5. Análise e valoración das contas anuais de 2024 e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI). Proposta de aprobación.
6. Análise e valoración das contas anuais de 2024 e do informe de auditoría de Cidade Universitaria, S. A. (CUSA). Proposta de aprobación.
7. Análise e valoración das contas anuais de 2024 e do informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica da Universidade de Vigo (CITEXVI). Proposta de aprobación.
8. Recepción, análise e valoración das conclusións da auditoría operativa sobre "procedementos de xestión económica da Universidade de Vigo, con especial referencia aos fondos MRR recibidos".
9. Aprobación inicial, se procede, da creación da *spin-off* "CIES5SEC".
10. Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo durante o mes de maio de 2025.
11. Rogos e preguntas.

---

*O presidente agradece a asistencia dos presentes , e en especial a do xefe do Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesouraría da UVigo, Mauricio García.*

**PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (06.03.2025).*

- ***Apróbase por asentimento.***

**PUNTO 2**

*Informe do Presidente.*

Juan Manuel Vieites subliña o labor recoñecido que está a facer a comisión, circunstancia que agradece aos membros polo seu traballo e á Xerencia pola colaboración e receptividade aos asuntos que se lle trasladan.

**PUNTO 3**

*Asuntos pendentes de anteriores sesións. Para informes da Xerencia:*

a) *FEUGA. Encargo á Xerencia (C. Econ. decembro 2023): - Informe aos investigadores que deben liquidar coas regras de gasto de FEUGA os importes que consideren antes do 31/12/2025.*
b) *AUDITORÍA INVENTARIO. - Informe da Xerencia sobre a evolución do control de patrimonio: edificios e material inventariable (C. Econ. decembro 2024).*
c) *AUDITORÍA GASTOS CAP. I. - Informe da Xerencia sobre a evolución das medidas que se están a aplicar. Obxectivos, control horario. (C. Econ. xuño 2024).*
d) *MODIFICACIÓN RPT. - Envío da Xerencia do informe positivo da Xunta de Galicia sobre a creación deste Servizo e a memoria económica enviada, para que quede no expediente.*
e) *Información sobre a contratación colectiva en curso.*

**3a)** Dada a proximidade da data límite fixada pola comisión para resolver este asunto e que os remanentes pendentes depositados en FEUGA sexan ingresados na Tesourería da UVigo; tendo en conta a variabilidade e diminución progresiva da cantidade global dos saldos pendentes, e sobre todo tendo en conta que é a primeira vez que o Consello Social propugna unha medida sobre a que o equipo de goberno non se ten pronunciado, o secretario propón que se convoque en setembro unha comisión específica sobre este punto, para consensuar un procedemento acaído para executar o cumprimento do acordo da comisión, calibrar o volume e imprevistos da xestión operativa, e decidir a atribución da dirección executiva e orgánica da iniciativa.

- ***Apróbase por asentimento.***

**3b)** A comisión recibe informe da Xerencia no que se di que foi indexada a documentación contida nas carpetas físicas e se escanou a información relevante, sobre todo a relacionada con títulos de propiedade, inscricións rexistrais ou convenios. Yolanda Lesmes engade cales son os pasos previstos no vindeiro semestre e as iniciativas que se están a considerar. Juan M. Vieites agradece que se estea a traballar neste asunto, e cualifica as accións como moi "positivas".

- ***A comisión dáse por informada e pide seguir recibindo información sobre os avances.***

**3c)** A xerente dá conta das xestións previstas e dos traballos en marcha que se están acometendo. O presidente agradece as explicacións e anuncia que se seguirán a observar os avances.

- ***A comisión solicita que se sigan remitindo datos actualizados sobre este asunto.***

**3d)** Visto o informe remitido pola Xerencia, obsérvase que se segue a incrementar o custe referido ao capítulo I.

- ***A comisión reitera a necesidade de actuar a favor da contención do gasto.***

**3e)** *"Contratación colectiva en curso".*

- ***A Xerencia remite enlaces para acceder á documentación que se solicita.***

**PUNTO 4**

*Proposta de aprobación, se procede, das contas anuais da Universidade de Vigo do exercicio 2024. Informe de auditoría e Memorando de recomendacións.*

Na análise das contas feito polo Consello Social, Juan M. Vieites resume que o resultado económico patrimonial tralos axustes é positivo, acadando a cifra de +1.765.490,75 €. Outro aspecto importante que destaca é a cifra do remanente libre, do que fai seguimento o Consello Social, que presenta unha cifra de 10.119.085,53 €.

Salienta tamén a importancia de que a Universidade cumpra co aprobado sobre o teito de gasto, "o que garante o cumprimento" do tope de gasto aprobado polo Consello Social para o exercicio.

Detense o presidente na observación de que estas cifras distan bastante das presentadas na liquidación provisional de febreiro de 2025, que aínda sendo provisionais presentan unhas desviacións que "merecen ser explicadas". En canto ao resultado económico patrimonial, engade que a cifra final é un 52% inferior á presentada en febreiro (+1.765.490,75 € definitivo comparado con +3.670.338,18 € presentado na

provisional). E o mesmo no caso do remanente, cunha desviación do 40,04% pasando da cifra provisional de 16.977.592,97 € á definitiva de 10.119.085,53 €.

Repara así mesmo na "gran diferencia" entre os axustes presentados na liquidación provisional e la definitiva. "Isto cáusanos preocupación" respecto ás liquidacións provisionais e á exactitude das contas definitivas.

Tamén destaca na exposición "un apartado que nos chama a atención": o gran incremento (un 199,80%) dos saldos de dubidoso cobro que presentan a cifra de 7.993.240,07 € respecto aos 2.666.230,93 € rexistrados en marzo ou aos 2.854.700,53 € do exercicio 2023. Considera que a **Xerencia "debe informar dos motivos e as medidas a tomar"** para cobrar estes dereitos.

Sobre o resto dos estados financeiros, o presidente apunta que continúa a "salvedade" do auditor pola falta de información sobre o activo material. Vieites pídelle á **Xerencia que informe sobre as medidas tomadas e o estado actual**. Tamén advirte sobre o incremento dos debedores por xestión, que pasan de 22.173.369,03 € (2023) a 26.785.496,37 € (2024), supoñendo que garda relación co incremento do saldo de dubidoso cobro e coa anulación dos dereitos non cobrados de exercicios anteriores (páx. 47 da memoria) que se deron de baixa sen explicar os motivos nin as xestións feitas para intentar o seu cobro.

Por outra banda, o pasivo corrente, polo cambio no criterio das periodificacións, increméntase dende 38.033.563,19 € (2023) ata 86.163.361,15 € (2024). Manifesta o presidente que -tal e como comenta o auditor no seu informe- a UVigo debería realizar a simulación do exercicio 2023 con este cambio de criterio, para poder comparar ambos exercicios económicos.

No tocante aos gastos máis importantes, focaliza "outro ano máis" a "enorme subida" dos gastos de persoal que ascenden de 145.920.216,78 € no exercicio 2023 a 154.360.518,60 € en 2024, o que supón un incremento do 5,78%. O presidente afirma que "hai que ser conscientes de que este gasto considérase estrutural, e se as subidas en gastos non veñen acompañadas con subidas en ingresos estruturais pódese provocar a corto e medio prazo un desequilibrio económico para a universidade".

Reitera, por fin, a importancia de elaborar ben os orzamentos, advertindo que por segundo ano consecutivo nos indicadores de xestión continúa o empeoramento do indicador de execución do orzamento de gastos e ingresos, polo que entende que "non se está a facer unha previsión axeitada". Cualifica este dato como especialmente importante por canto o Plan de Financiamento do SUG para o período 2022-2026 outorga unha financiación ás universidades que cumpran cunha porcentaxe de execución por enriba do 80%.

Rematada a exposición do presidente, Yolanda Lesmes resposta a distintas cuestións que expoñen os asistentes, nomeadamente Xosé Manuel Atanes (que reclama máis inversión para que a UVigo sexa autosuficiente en enerxía) e Antonio Martiño (sobre cuestións referidas a persoal e inventario). Aclara seguidamente que as razóns dos diferentes resultados entre a liquidación provisional e a definitiva teñen a explicación polos diferentes criterios contables aplicados. Mauricio García explica e xustifica aspectos relativos ás "salvedades" e aos saldos de dubidoso cobro, cuxa transcendencia e volume relativiza e reduce con argumentos contables.

A xerente manifesta que as contas reflicten a consecución dunha estabilidade orzamentaria suficiente para garantir a actividade da UVigo. Presenta unha serie de gráficas coa evolución do orzamento a as modificacións no período 2018-2024; a evolución do índice financeiro de execución orzamentaria ("estable ano a ano"); orzamento de ingresos oficial e definitivo (278.180.104, 68 €); orzamento de gastos inicial e definitivo; resultado orzamentario do exercicio; dereitos recoñecidos 2024-2023; obrigas recoñecidas 2024-2023; remanente de tesouraría; resultado económico patrimonial; balance de situación; estado da tesouraría a 13 de decembro de 2024. Recolle no informe o sometemento da conta anual a auditoría pública e as principais conclusións *(as contas expresan todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da Universidade de Vigo a 31 de decembro de 2024, os seus resultados, fluxos de efectivo, e o estado de liquidación do orzamento correspondentes ao exercicio anual rematado en dita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación e cos principios e criterios contados no mesmo) e* "salvedades":

- *Non se dispón dun rexistro actualizado dos elementos que compoñen o inmobilizado material*. Sobre isto explica a xerente que existe un plan de traballo para a súa actualización. A data actual, a unidade técnica ven poñer ao día a documentación do patrimonio. A seguinte fase será a comprobación do axeitado rexistro e, de ser o caso, corrección, así como a comprobación da amortización dos elementos de inmobilizado material.

- *Cambio do criterio contable*. A xerente explica que a observación feita na pasada sesión desta comisión sobre incongruencias nos datos presentados do Remanente de Tesouraría, e no cadro orzamentario de ingresos inicial e definitivo por capítulos, levou á modificación do rexistro e contabilización da periodificación de ingresos asociados a proxectos de investigación con financiamento afectado, o que motiva a alteración dos termos de comparación con exercicios anteriores. Engade que carece de impacto no patrimonio neto da entidade.

Finalmente, a case totalidade dos asistentes manifestan dende distintos puntos de vista a preocupación polo incremento dos gastos de persoal, e interésanse pola incidencia que puideran ter as xubilacións e a incidencia na masa salarial, as contratación ou a taxa de reposición. A xerente argumenta que a UVigo non é unha administración excedida en gasto de persoal, "estamos cunha porcentaxe de execución do 51%, na media de calquera entidade prestadora de servizos". Engade que as previsións apuntan a que no curso 2029/2030 se chegará ao equilibrio entre altas e xubilacións.

Jesus Graña pecha expresando a súa "máxima preocupación" polo capítulo I e solicitando á Xerencia que se informe ao Consello Social de todas as modificacións orzamentarias que se leven a cabo.

- ***A comisión dá a aprobación consonte o informe de auditoría e eleva informe favorable ao pleno.***

**PUNTO 5**

*Análise e valoración das contas anuais de 2024 e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI). Proposta de aprobación.*

Consonte valora o presidente, a fundación presenta un resultado positivo no exercicio de 2024 "gracias aos ingresos financeiros e a un aumento da facturación, que permite soportar o incremento de gastos". Cualifica como "boa" a situación da Fundación, cunhas reservas suficientes para facer fronte a situacións futuras, así como un axeitado saldo de tesouraría (+336.535,29 €) debido á redución dos debedores.

Por outra banda, solicítaselle ao auditor que elimine as mencións a PYMESFL ou PEMESFL, que se citan no lugar de Fundación da UVigo.

- ***Apróbase para elevar informe favorable ao pleno, conforme ao informe de auditoría.***

**PUNTO 6**

*Análise e valoración das contas anuais de 2024 e do informe de auditoría de Cidade Universitaria, S. A. (CUSA). Proposta de aprobación.*

Apunta o presidente na súa análise que a sociedade presenta un resultado positivo de 115.667,32 € derivado da cancelación da provisión polo xuízo que mantiña coa concesionaria da piscina da UVigo. Vieites engade que sen ter en conta este efecto positivo, as contas da sociedade presentarían un resultado negativo de -51.815,48 €, pero -como en exercicios anteriores- eliminando o efecto das altas amortizacións, tería un EBITDA positivo de 120.020,45 €, o que indica que continúa cunha perda contable que non suporía saída de liquidez.

Ao seu criterio, chama a atención o incremento da partida de debedores (+12.721,23 €) , e a redución da facturación (-25.802,44 €). Neste punto recoméndaselle á sociedade que procure manter os pagos ao día, visto o histórico de falta de pagamentos. Así mesmo cualifícase como "positivo" o esforzo que está a facer no aforro das subministracións.

- ***Apróbase para elevar informe favorable ao pleno, consonte o informe de auditoría.***

**PUNTO 7**

*Análise e valoración das contas anuais de 2024 e do informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica da Universidade de Vigo (CITEXVI). Proposta de aprobación.*

Afirma o presidente que se pode observar que a sociedade vén de mellorar a facturación, o que unido á contención dos gastos propicia un resultado mellor que no exercicio precedente (-48.013,22 € de perda total). Con todo, Juan M. Vieites engade que "seguimos sendo conscientes" de que dito resultado negativo ven derivado da dotación da amortización dos activos fixos, que ó imputalos ao exercicio provocan esta perda contable que non de actividade económica nin precisa de liquidez a corto prazo.

En canto ao balance, a cifra de debedores é superior á do peche do exercicio 2023, se ben a compañía cobrou ditas débedas e carece de morosidade. En canto ao pasivo corrente menciona unha cifra "elevada" de 135.934,56 € -que xa está pagada durante o exercicio 2025- que corresponde coa actualización de infraestrutura de comunicacións (switch), precisa para levar a cabo a actividade e que cada certo tempo hai que actualizar por obsolescencia tecnolóxica.

- ***Apróbase para elevar informe favorable ao pleno, consonte o informe de auditoría.***

**PUNTO 8**

*Recepción, análise e valoración das conclusións da auditoría operativa sobre "procedementos de xestión económica da Universidade de Vigo, con especial referencia aos fondos MRR recibidos".*

O presidente comenta as conclusións xerais e as recomendacións recollidas no informe do que se dá conta, no que, así mesmo, se describe a situación actual na que unha Área integrada dentro da Xerencia se encarga de coordinar a apertura e dotación dos proxectos financiados cos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR). Vieites solicita á Xerencia que avance nos procesos de xestión destes fondos, e que teña en conta as observación e consellos recollidos no documento.

A xerente aporta determinadas consideracións e precisións sobre a situación, informando que se están a valorar diferentes opcións de mellora. Sobre o contido do informe dos auditores subliña que non hai ningunha emenda a como se está a facer esa xestión e o control deses fondos por parte da UVigo. Conclúe que se aproveitarán as recomendacións, se ben "os nosos procedementos son correctos, e iso era o máis importante que esperabamos desta auditoría, que nolos acreditase".

- ***A comisión dáse por informada.***

**PUNTO 9**

*Aprobación inicial, se procede, da creación da spin-off "CIES5SEC".*

Resúmense os aspectos máis salientables da abundante documentación que se achega: a explotación dunha investigación orientada a desenvolver solucións de ciberseguridade; cun capital social inicial de 3.000 €, e coa participación da UVigo cun 4% do accionariado.

- ***Apróbase por asentimento.***

**PUNTO 10**

*Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo durante o mes de maio de 2025.*

Xosé Manuel Atanes e Jesús Graña advirten sobre reparos contidos nos informes xurídicos que acompañan a algúns dos convenios, o que chama a súa atención.

- ***A comisión dáse por informada.***

**PUNTO 11**

*Rogos e preguntas.*

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:15 horas do 30 de xuño de 2025, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente,
Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa
(Asinado dixitalmente)

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado dixitalmente)

Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa
Firmado digitalmente por Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa
Fecha: 2025.10.16 12:20:21 +02'00'

RODRIGUEZ IGLESIAS IGNACIO - 34908420D
Firmado digitalmente por RODRIGUEZ IGLESIAS IGNACIO - 34908420D
Fecha: 2025.10.14 09:33:26 +02'00'